

Ficha 03

DESCONECTA



VIDEOXOGOS

E XOGOS

DE APOSTAS



Concello de Lugo

1 VIDEOXOGOS

- CÓDIGO PEGI
- CO FUTURO NON SE XOGA. RISCOS QUE ENTRAÑAN OS VIDEOXOGOS

2 XOGOS DE APOSTAS

- OS XOGOS E OS SEUS RISCOS
- A LUDOMANÍA OU ADICCIÓN AO XOGO
- A PUBLICIDADE NOS XOGOS DE APOSTAS



Cando vexas esta icona, escribe nos espazos reservados para o exercicio!



Cando vexas esta icona, usa a túa tableta dixital para compartir o exercicio con compañeiros!



Cando vexas esta icona, debateremos na clase o tema proposto!



Cando vexas esta icona, proxectarase na clase un microvídeo relacionado con algún dos temas que tratamos na ficha

DESCONECTA

1 Videoxogos



Un videoxogo é un xogo electrónico, orientado ao entretemento, no que unha ou máis persoas interactúan a través de experiencias na pantalla dun televisor, ordenador ou outro dispositivo electrónico. Hai varios tipos de videoxogos, como videoxogos de acción, de rol, de carreiras, de aventuras, de deportes, musicais, de simulación...

Sistema PEGI

Son as siglas de Pan European Game Information (Información de xogos paneuropea). Trátase desa etiqueta que aparece na caixa dos videoxogos e que indica a idade recomendada cun número e un código de cor e os contidos sensibles: violencia, sexo, drogas, linguaxe ofensiva, apostas, terror, discriminación...



Escribe 3 videoxogos que coñezas e clasifícaos segundo o tipo de videoxogo e o sistema PEGI

1. _____

2. _____

3. _____

Riscos que entrañan os videoxogos

Riscos relacionados con contidos inapropiados

Ás veces, os contidos dos videoxogos poden ser prexudiciais se non sabemos diferenciarlos do que é real e do que non o é, ou se fomentan condutas negativas como violencia, discriminación, drogas ou xogo.

Riscos relacionados co abuso e a adicción aos videoxogos

O abuso dos videoxogos pode chegar a crear unha adicción, que se reflicte nestes síntomas:


- × Dependencia ou uso excesivo: necesidade cada vez maior de usar o videoxogo para sentirse ben e un malestar ante a falta de uso.
- × Illamento social e/ou renuncia a estar coas amizades.
- × Riscos relacionados co contacto con outras e outros usuarios a través dos chats ou foros presentes nos videoxogos.
- × Cyberbullying ou ciberacoso.
- × Grooming.

@#!

Riscos técnicos

- × A descarga de “virus” ou outros programas maliciosos que buscan datos persoais no ordenador.
- × A proporción de datos persoais ou bancarios a fontes non fidedignas.

Hai que facer un uso responsable e moderado do tempo que se dedica aos videoxogos sen que nos quite o tempo para estar coas amizades, coa familia e para realizar outras actividades



Game Over: cando o entretemento se converte en adicción

Os videoxogos son o principal medio de entretemento de moitos de nós. Pero, cando o consumo excesivo se converte en adicción?

- › Cando cada vez precisas pasar máis tempo xogando.
- › Cando prefires estar diante do ordenador antes que ao aire libre coas túas amizades.
- › Cando perdes a noción do tempo xogando.
- › Cando o teu rendemento escolares baixa por dedicarlle máis tempo aos videoxogos.



Marca verdadeiro (V) ou falso (F) nas seguintes afirmacións sobre o uso responsable dos videoxogos

- Hai que elixir videoxogos adecuados á miña idade
- Teño que mercar en tendas oficiais e ou descargalos de plataformas autorizadas
- Debo proporcionar o contrasinal da ou do meu usuario ás miñas amizades
- Necesito gastar todo o tempo que precise ata acabar a misión
- Está ben xogar a un videoxogo unha vez teña rematados os deberes
- Deixar de ir xogar coas miñas amizades ao parque para quedarme na casa xogando a algún videoxogo
- Cando me insultan é mellor non contestar e avisar á miña familia
- É normal cabrearse cando non se pode xogar

2 Xogos de apostas (online ou presencial)

Os xogos de apostas son uns xogos de azar nos que as persoas que interveñen (xogadores ou apostantes) pagando unha cantidade fixa ou variable de diñeiro ou aportan un ben material (aposta), por predicir o resultado incerto do xogo a cambio de obter un premio económico ou material se a súa predición resulta certa, que é o caso máis improbable.

Co futuro non se xoga. O xogo e os seus riscos

En 1977 legalizouse o xogo de azar, e en 1981 legalizouse o uso de máquinas tragamoedas. En 2011 autorizouse o xogo en liña e, desde entón, o gasto en xogos e apostas en liña, e o número de persoas usuarias non parou de medrar, ao igual que as/os adictos que se chaman persoas ludómanas.

Os xogos de apostas poden chegar a converterse nunha tea de araña, viscosa, e da que dificilmente podemos saír. O que empeza sendo unha actividade para pasar o tempo e gañar algo de diñeiro extra pode acabar sendo un sufrimento para ti e para a túa familia.

- › A dependencia do xogo, adicción á ludomanía
- › Perda de diñeiro e débedas acumuladas
- › Problemas familiares
- › Baixa autoestima e malestar se non se xoga
- › Abandono de obrigacións



*A lei prohibe o acceso a menores, pero calcúlase que un 10% xoga algunha vez.
A aposta máis segura é non apostar!*

A ludomanía ou adicción ao xogo

Cando o xogo pasa de ser un entretemento a unha necesidade. Sinais:

- × Apostar cada vez máis cartos
- × Estar cabreado/a se non se xoga.
- × Pensar todo o tempo en como conseguir diñeiro coas apostas.
- × Pedir diñeiro ás demais persoas para xogar.
- × Apostar cando se está triste para deixar de sentirse así.
- × Cando se perde diñeiro, volver para “recuperalo”.
- × Mentir para ocultar a frecuencia coa que se xoga.
- × Abandonar obrigacións por xogar
- × Arriscar algunha relación importante polo xogo.
- × Facer esforzos por deixar de xogar, pero sen conseguilo.





Cales pensas que son os motivos polos que atrapan os xogos de apostas?

Valora os pros e os contras sendo crítica/o!

Non te deixes influenciar! Aposta por ti!

PROS:

CONTRAS:

As/os menores adictas/os ao xogo en tratamento cuadruplicáronse en poucos anos, pasouse do 3,8% ao 16%.

A publicidade dos xogos de apostas

Sabías que a publicidade dos xogos de apostas, sobre todo deportivas, se incrementou un 150% nos últimos anos.

Estate atenta/o! Estas son as súas estratexias para atraer a nosa atención:

- Anuncios que convidan a xogar ao momento.
- Bonos benvinda para empezar a apostar.
- Probas gratuítas.
- Referentes famosos (deportistas ou presentadores/as) como reclamo.

**REGALÁMOSCHE
A PRIMEIRA
PARTIDA!!**



Vemos un microvídeo sobre videoxogos ou xogos de apostas

Videoxogos | O xogo de apostas

Non te deixes enganar, o negocio está creado para que ganen eles! Detrás da adicción aos xogos de apostas hai un problema serio, non só para quen xoga, senón tamén para a súa familia.



Xa sabes que apostar pode traer consecuencias. Debate coas e cos teus compañeiros cáles son esas consecuencias dos xogos de apostas, dalgunhas xa falamos antes.



Tes ideas para un tempo de lecer saudable? Cóntanos!! Seguro que se che ocorren centos de cousas mellores que facer

>> EMPREGA A TABLETA DIXITAL!!



Videoxogos | O xogo de apostas

Recomendacións!!

- > O tempo pasa voando, non o perdas!!
- > A adicción causa trastornos do sono, sedentarismo, illamento e irritabilidade, cambios de conduta...
- > A información é poder! Se estás ben informada/o podes evitar perigos, por iso temos que falar deles e do que debemos facer.



Concello de Lugo

Área de Cohesión Social.
Concellería de Muller, Igualdade e Xuventude

**SERVICIO MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE
DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS**

T. 982 297 498

www.lugomasxti.org
